



XI Premio de Relato Curto  
Texto galardoado con 500 euros  
patrocinados polo compostelán Instituto Policlínico La Rosaleda

## O segredo de Moira

Pseudónimo: Scientia

Autoría: **María González Blanco**

Estaba sentada na cadeira azul coas pernas entrelazadas, as delgadas e finas mans no teclado do ordenador e a cabeza, de curto cabelo moreno, xirada uns noventa graos cara á enorme xanela verde onde a súa ollada se perdía na inmensidade da paisaxe de árbores que rodeaban o antigo edificio onde residía ese ano. Semellaba unha moza duns 20 anos, mais se alguén reparaba con máis detemento nos trazos da súa esbrancuxada faciana a súa idade quizais fose duns 6 ou 7 anos máis.

- ¡Ao mellor é unha desas persoas que teñen cara de cativa e logo resulta que son increíblemente maiores! -dixen de súpeto. ¿Canta xente coñeces con esa característica xenética? Seguramente máis dunha persoa. Pensádeo.

Ademais, tiña unhas profundas, marcadas e negras olleiras que rodeaban as súas pálpebras e que denotaban que dende un tempo non debía de durmir moi ben ou que algo perturbaba o seu sono diario. Eu quedei alí mirándoa case como unha estatua petrificada posto que ela non se movía da súa pose de secretaria en *modo off* (¡Modo de inactividade total!).

- ¿Que podía estar maquinando? -volvín interrogarme.

Xa pasara media hora dende que eu chegara a ver a misteriosa moza observando as frondosas árbores e os pequenos merlos que andaban nas pólas máis altas. Eu como non tiña moita présa decidín poñer os meus auriculares de última xeración que me regalaran polo Nadal e ficar alí no xardín por se a moza mudaba a súa postura. A fin de contas, ese era o meu día libre no traballo e o meu rutineiro paseo como *homo viator* polas vellas rúas da cidade podía agardar uns minutos máis.



¡Non creo que ninguén me botase en falta! Posto que daquela vivía só e tampouco mantiña unha estreita relación coa miña familia. Quizais o meu gato -ao que decidín chamar Toxo pola súa áspera pelaxe- estivese a miañar desesperadamente porque quería comer. Non obstante, teño que dicir que tampouco é que precisase manducar moito porque xa se estaba desfigurando de tanta enchedela de restos de comida que lle furtaba á gata da veciña do barrio de Dorpe. Pola súa culpa sempre andaba metido en liortas coa señora Aurora, a dona da gata, que vivía no terceiro andar.

¡Vaia dúas felinas!

Así que alí quedei no campo de herba como se fose a figura do *Pantocrator* descalzo, e neste caso sentado, cos pés sobre o céspede recentemente cortado e as mans trala caluga ao tempo que me intentaba tombar sobre o terreo. Iso si, estaba tamén rodeado de catro megalíticos tetramorfos: o carballo, o piñeiro, o castiñeiro e o acivro. Era unha paraxe moi fermosa onde calquera que pasase de forma paseniña podía nutrirse dun extraordinario hábitat de sons, de cores e de recendos que impregnaban cada recanto do parque que rodeaba as casas do lugar. Por un momento estiven tan entretido mentres me apousentaba e me detiña en analizar todo canto había que case me esquezo de porqué me sentara alí. Increíble, ¿non? Ás veces creo que o meu grao de abstracción alcanza niveis fóra do común. Igual é que me convertín en estatua de pedra de granito de verdade e ao mellor xa non sei voltar ao corpo do *homo sapiens* que de cando en vez fai o que di o refrán: *pensa moito e fala pouco*. ¡Que loucura! Debía de ser a música que tiña posta dende facía unha media hora a que me transportara unhas cantas galaxias lonxe da face da Terra. Xa pasara unha hora e eu alí seguía. ¿E a moza? Queredes saber onde anda, ¿non si?

Pois ela, a que a partir de agora chamaremos Moira, porque ben merece ter un distinguido nome, sobre todo por ser a muller na que reparei sen querer e que me fixo ficar alí como un parvo horas e horas.

¡Si, Moira, Moira... é ben soante! ¿Que tiñas que me detiven no tempo, que me convertín en pedra, que me evadín do mundo por ti Moira? ¡Que maneira de despistarse por apenas unha silueta que se reflectía nun gran cristal!

O caso é que alí seguín. A rapaza -¡Moira!- agora abrira un pouco a xanela. Semellaba ter calor. Pois era un día soleado do mes de xullo e parte do edificio estaba iluminado polos relucentes raios do sol que facían que a pedra estivese quente como unha tixola. Pensei que sairía ao pequeno balcón onde tiña unhas fermosas margaridas



brancas, pero non foi así. Entrou e sentouse novamente. Mais agora a súa mirada estaba centrada no ordenador de sobremesa no cal comezara a teclear algo de forma lixeira.

¿Moira, que estarás a facer? -pregunteime.

Dada a miña dificultade debido á distancia que nos separaba e sobre todo a que ela ignoraba a miña presenza decidín cambiar de lugar e achegarme un pouco máis ao edificio. Este inmoble de arquitectura moderna tiña unha estrutura xeométrica en forma de cadro no cal sobresaía unha gran azotea e enormes ventás que ían dende o primeiro ata o terceiro piso. Sinceramente, a min non me resultaba un edificio moi bonito para o meu gusto, pero rechamangueiro si que era. ¡Eu preferiría vivir nun piorno! Máis pequeno, máis acolledor, máis tradicional...

O lugar no que se situaba estaba ao carón dunha praza que daba acceso ao parque. Nesta zona de encontro apenas se discernían unhas 8 ou 9 persoas dende onde me atopaba. Así que pouco a pouco achegueime ata a praza e sentei nun dos bancos que había baixo un colosal carballo. Dende alí observei con atención ós pintorescos personaxes que se encontraban naquel momento e outros que ían pasando. Un dos que me chamou a atención foi un cativo de pelo roxo collido da man da que probablemente sería a súa nai, porque ía brincando e cantando tan ledado que era imposible non reparar nel. Outra parella curiosa que detectei foi a de dous homes de avanzada idade cos seus caxatos andando amodiño e falando das novas do día.

- Oes Bernardo -díxolle en alto un home ao outro.

- Dime Bieito. ¿Que che pasou? -respondeu o outro.

- ¿Sabes que vin no telexornal? Disque agora fan corazóns de plástico. -díxolle Bieito.

- ¿Que dis home, que dis? Serán doutra cousa. ¡Como nos van poñer algo así aquí dentro! -exclamou Bernardo sinalando efusivamente co dedo índice cara ao peito.

- Que si, que cho digo eu que o dixo un médico na televisión. Así que agora igual temos que facer unha reparación e se sae ben volvemos andar na bicicleta. ¿Que che parece? -preguntoulle Bieito.

- ¡Vaia home... o que me faltaba! Que me abrisen para meter un cacho de plástico dentro. ¡Ti estaste oíndo! Que os envases dos iogures e as botellas de agora tamén son de plástico e mira con que facilidade se estrullan. Non creo que iso poida ser bo, ¿e se se encolle estando dentro que? - espetoulle bruscamente Bernardo.



- ¡Vaiche boa! Pois foi o que dixeron, xa veremos que pasa. Que os tempos de agora non che son como os de antes, ou non te percatas que con tanto aparato que hai se fai de todo. Vouche contar, o outro día vin o Anselmo no xardín, daste conta de quen é, ¿non? Pois xa non sae a cortar a herba, abandonou o fouciño por un trebello redondo que sae correndo polo xardín e córtalle todo o que colla por diante nun abrir e pechar de ollos. ¡E nós naqueles tempos, canto traballiño!- lembráballe Bieito a Bernardo.

- Tranquilo compañeiro, que esta xente tan moderna, de tan pouco que traballa coas mans vai enfermar, porque non moven máis ca un dedo para acender os aparatos. ¡Así que xa verás que os corazóns de plástico lles van vir moi ben! E Bernardo e Bieito atacaron a rir de tal forma que case quedan sen respiración.

Outra persoa que me deixou abraiado foi unha señora de mediana idade que ía vestida toda de negro e incluso levaba un chapeu e unhas gafas da mesma cor. ¡Vaia medo metía! Parecía que estaba nalgunha misión espía observando todo canto se movía ao seu lado e sostendo nas súas mans un xornal ao que apenas prestaba atención.

¡Miraba á esquerda, á dereita, cara adiante... e si, cara atrás tamén! De socate, e a toda velocidade, unha moza nunha bicicleta case atropela a Bernardo e a Bieito. ¡Non os esmagou de milagre! Pero a un rapaz que viña cargado con dúas bolsas do ultramarinos caéronlle algunhas cousas ao chan do susto que levou. A moza deuse conta, freou en seco, case cae da bici e ao final axudou o mozo. Primeiro miráronse fixamente e comezaron a recoller todo o que estaba esparexido.

Vaia día que levaba eu alí ollando a todo o mundo. Por un momento pechei os ollos e intentei non pensar en nada. Permanecín así uns minutos. Que ben estaba en estado de repouso, moi tranquilo. Tanto que case comezo a durmirme e menos mal que non pasou, porque co que eu roncxo espantaría a todas as persoas da praza, ata espertaría ás formigas!

Ía abrir os ollos cando algo me caeu na cachola. ¡Vaia, unha landra! -exclamei como se alguén me fixese caso. De súpeto, outra, outra, e outra... coído que algo raro estaba a pasar naquela árbore. Mirei cara ás pólas máis altas pero non vin nada, ningún paxaro, ningún esquío... Tiña que saír de aí se non quería acabar sen neuronas. Levanteime, e cando o fixen dinme conta de que as landras caían porque alguén dende unha ventá do edificio que observara estaba apuntando cun tiratacos e cunha puntería directa cara ao carballo onde me encontraba. ¿Pero quen pode ser tan perverso? -dixen



malhumorado e en voz alta. ¡Que maldade andar a ferir ás persoas! Naquel preciso instante dinme conta de quen era.

¡Moira! ¡A miña Moira estábame disparando sen tregua! ¿Por que? ¿Por que a min? Eu ía apartándome do carballo pero ela seguía co seu persuasivo ataque. Comecei a gritar pero coído que dende que me quedara medio durmido no banco xa non había ninguén paseando nin na praza. ¡Vaia sorte a miña! Empecei a andar máis rápido, pero a súa intensa ofensiva seguía ata que Moira entrou para dentro. ¡Era o meu momento de escape, ou agora ou acabo no hospital! Nin tan sequera movín un pé, cando recibín un novo bombardeo, mais agora non me doera nada. ¿Sería que recibira tantos golpes que xa se adormeceran os meus sentidos?

¡Non, non fora iso!

Ollei para o chan e vin que unha das landras tiña un anaco de papel enganchado.

¡Vaia sorpresa! ¿Que podía ser? Parecía un papel moi vello, usado, de cor amarela, desgastado... Abrino amodo, non fora ser que contivese algún veneno ou algo semellante e reaccionase cunha apertura rápida. Para evitar males maiores, tomei alento, contei ata tres e soltei con moito coidado a baraza que amarraba o papel á landra. Viña moi dobrado. Un pregue, dous, tres... Estendín por completo o papel e observei unha letra moi bonita, unha escritura á man desas que hai poucas. Semellaba unha letra fermosa pero pouco lexible, como a letra dalguén que fai as receitas médicas, un doutor ou unha doutora. Comecei a ler. Isto era o que poñía:

«Eu sei quen es. Deixa de observarme. Xa sei que din que estou louca, pero iso non pode ser. As persoas que máis profundamente me coñecen saben que estou ben corda. Por favor, deixa de vir aquí tódolos días e déixame continuar coa miña ciencia».

- ¿Moira? ¿Que pasou? -pregunteime abraiado. Eu non entendía nada. Estaba confuso. ¿Que quería dicir con aquelas verbas?

Un terrible mareo invadiume de tal maneira que tiven que sentarme no bordo da beirarrúa tratando de tranquilizarme porque non entendía o que acontecía. ¿Que quería dicir Moira? ¿Por que di que sabe quen son eu? Intentei erguerme mais non fun capaz. Unha intensa dor de cabeza comezou a penetrar e espallarse por toda a miña fronte. Precisaba repousar.

Novamente outra misteriosa mensaxe nunha landra voadora chegou onda min. Non sabía se quería abrila. Detívenme uns minutos e finalmente decidínme a ver o que contiña. Era un recorte dun xornal, do *Diario do pobo* do 16 de maio de 2016. O



titular que encabezaba a columna do texto dicía así: «*Home de 35 anos morre no taller de Dorpe. Descoñécense as causas*».

- ¿Como? Quedei cabilando. Así que proseguín coa lectura.

«*O día 15 de maio un home do barrio de Dorpe (responde ás iniciais de A. B.) apareceu morto no seu lugar de traballo. Non hai ningunha testemuña e polo de agora a policía segue a investigar o que aconteceu. Segundo diversas fontes informativas a causa máis probable da morte é que fose un ataque cardíaco*».

Naquel preciso retrinco dinme conta. ¡Eu era Anselmo Barbeito (A. B.), era o falecido! Comezáronme a tremer as pernas, non podía levantarme, non tiña forzas. Respirei fondamente e contei ata dez. ¡Calma Anselmo, calma! Tentaba serenarme.

Agora xa o entendo todo. ¿Non vos dades de conta?

A muller que ía vestida toda de loito era a miña muller, que día tras día trala miña morte ía ata o banco do parque co recorte do xornal a intentar lembrar, recordar algo que pasase antes de que eu me fose. O banco fora o último lugar onde nos viramos a tarde anterior á miña morte. Alí mantivemos unha acalorada discusión por cousas que ao fin de contas non deberan ter moita importancia, mais no momento sempre se lle acababan dando máis valor. Notábase que estaba moi afectada pola perda.

A moza da bicicleta era a miña muller xusto no momento no que nos coñecemos. Eu fora mercar á tenda de ultramarinos da señora Aurelia porque daquela tiña 15 anos e como non obedecese as ordes do meu pai ou da miña nai podía esperar unha boa quenta. Por aquel tempo meu pai precisaba que lle mercase de todo (pan, froita, legumes etc.). Ía ben cargado, porque dona Aurelia tamén aproveitaba para vender sempre algo máis da conta e eu como non sabía dicirlle que non, pois ala ía con tódolos víveres! Era un camiño de máis de 2 kilómetros dende a nosa casa no barrio de Dorpe ata a tenda de dona Aurelia. Non se facía moi longo, pero se levabas coma min as bolsas cargadas ata os topes acababas rebentado. Sempre facía a mesma ruta, atravesando pola praza e polo parque. E sería alí cando de súpeto unha rapaza a toda velocidade case me atropela. Non puider reaccionar porque todo aconteceu moi rápido. Ela freou en seco, de feito levantou algo de voaxa do chan que me nubrou a vista durante uns minutos. Tal foi o susto que nos quedamos mirando un bo anaco o un cara ao outro antes de recoller as cousas.

- ¡Perdoa! -dixo ela. É que teño présa porque chego tarde a repartir os xornais. Porque se quero ir estudar á cidade teño que ir aforrando senón nunca chegarei a



médica. Iso é o que me din na casa. Serei doutora ou científica, xa o verás.

- Non pasa nada -díxenlle eu. Estou acostumado a ir ao hospital. ¡Sempre me manco! ¡Sempre me manco con calquera cousa! -non sabía que dicirlle. A verdade estaba totalmente abraiado pola súa forma de falar tan devagar que contrastaba coa velocidade á que pedaleaba. Así que pouco máis nos dixemos, soamente que ela me insistiu que ía por alí tódolos días a esa hora e que andara con coidado se non quería acabar mancado.

¡Vaia recordo! ¡Eu Anselmo Barbeito! ¡Como me puiden olvidar! Eu mercara o robot cortacésped para a nosa casa no barrio de Dorpe. Ao principio todo o mundo miraba con receo e certa desconfianza aquel aparello e sei que fun diana de moitas críticas: “que o Anselmo non traballa nada”, “que cousas máis ridículas compra”, “xa verás como ata lle rapa o pelo ao pobre Toxo” etc.

Estaba tan concentrado en recordar a miña vida que outra vez me esquecín de Moira. ¿Onde estás, prezada Moira? Mirei para o chan e ao carón dos meus pés había unha nova landra mensaxeira. Agora abrina sen reparo ningún, total morto xa estaba.

¿Que cousa peor me podía acontecer?

«Querido Anselmo, ao final conseguín estudar medicina. Tanto corrín co reparto dos xornais que aforrei algo e co que me deron na familia marchei para a cidade. ¿Sabes a que me dedico agora? Investigo e realizo transplantes de corazón de plástico en 3D. Cando faleciches coido que ese corazón tan cheo de vida se foi mingando pouco a pouco polas disputas no traballo e polos problemas que carrexaba o que non puidésemos formar unha familia. Sei que eras un home de pensamento libre. De nunca escoitar o que os demais che aconsellaban e de facer o que sempre quixeras. Querías inventar milleiros de trebellos e ao final así o fixeches no taller do teu pai. O que pasa é que nunca controlabas os esforzos e esquecías as recomendacións médicas.

¿Queres saber onde está Moira? Ergue a cabeza e mira á venta do edificio que día tras día ves visitar. É un hospital. Eu traballo aquí. Son Moira, a rapaza que escribe no ordenador este relato. Non hai maneira de que saias do meu corazón (¡do de verdade, non do de 3D!) así que antes de que me encerren como unha louca porque din que te sigo presenciando intentarei escribir a historia que nos uniu».

O meu agarimo permanece máis ca nunca e a pena non desaparece. A miña vida quedou marcada por ese terrible acontecemento. Había quen puidera pasar páxina rapidamente posto que a súa relación non fora tan viva, estreita, agarimosa e chea de



ledicia ao teu lado. Pode que a vida siga, que haxa que afrontar un novo futuro mais sen o meu ser máis querido estou desolada. O único que me pode salvar é o meu mundo da ciencia, da indagación que daba senso á nosa historia e coa que nos coñecemos o día do atropelo cando che dixen que ía estudar medicina. O que estaba a escribir onte, e antonte, e día tras día é unha pequena parte do que agora vos puidechedes ir descubrindo nestas páxinas, o comezo dunha vida cos fondos recordos do pasado, co cariño das persoas que xa non están, cunha inmensa maleta de recordos vividos intensamente dende o encontro case mortal da bicicleta ao carón de Anselmo. Unha vida na que o humor sempre tiña cabida e sempre era necesario para seguir adiante.

Daquela tiñamos tantas cousas proxectadas, eu estudiaria medicina, ti montarías unha cadea de empresas de reparación de tarecos. Soños, soños e máis soños. Nunca esquezas que tal e como di o refrán de dona Aurelia, a da tenda de ultramarinos, que tantas veces nos repetía cada vez que íamos mercar algo: *a vida non é como empeza senón como acaba.*

Ti non chegaches a ver o que pasou cando te fuches.

¿Lembras o neno de pelo roxo? ¿O neno que ía da man dunha muller?

É o noso fillo. O pequeno Anselmo. Esa era a noticia que ía darche aquel fatídico día no lugar do noso encontro no parque, xunto ao banco. Non me atrevín a dicircho porque ao final discutimos. O segredo quedou no meu interior, comigo para sempre.

¿Sabes o que comezou a dicir o cativo?

«¡Sempre me manco!»